



TORRADO GAÑETE, MANUEL (1 para 2)

Doc. No: 23/07/2025  
Data de Sinatura: 23/07/2025  
D. HASH: 25c156d14e6b0438a121d55b7e282317

## CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA Á ASOCIACIÓN SAN PAIO EN XUÑO NA ESTRADA

Na Estrada a dezaoto de xuño de dous mil vintecinco.

### REÚNENSE

Dunha parte, o Alcalde do Excmo. Concello da Estrada, D. Gonzalo Louzao Dono, con DNI nº ,\*\*\* 9170\*\* en representación do mesmo, con facultades suficientes para este acto;

Doutra parte, o Presidente da Asociación San Paio en xuño na Estrada D. Manuel Torrado Gañete, con DNI nº \*\*\* 5867\*\* .

### EXPOÑEN

Que o Concello da Estrada e a Asociación San Paio en xuño na Estrada, co obxecto da celebración das festas patronais do ano 2025, estiman oportuno fixar unha serie de obxectivos comúns.

Que a cooperación entre o Concello da Estrada e a Asociación San Paio en xuño na Estrada para o cumprimento dos obxectivos comúns derivados da celebración das festas patronais, require, para garantir a súa eficacia, o establecemento de instrumentos formais, caso do presente convenio.

Por iso, e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente;

### OUTORGAN

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes CLÁUSULAS:

#### PRIMERA:

O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada, e a Asociación San Paio en xuño na Estrada, para a celebración das festas patronais do Concello da Estrada do ano 2025.

#### SEGUNDA:

GONZALO LOUZAO DONO (2 para 2)

Doc. No: 23/07/2025  
Data de Sinatura: 23/07/2025  
D. HASH: 2b79b5c424112597af1c1805060b0239e



As actuacións a desenvolver por parte da Asociación San Paio en xuño na Estrada consisten na realización das festas patronais do Concello da Estrada do ano 2025.

**TERCERA:**

A Asociación San Paio en xuño na Estrada quedará obrigada a colaborar co Concello naquelas actividades de carácter festivo que organice cando lle sexa requirido e farán a súa publicidade e patrocinio do Concello da Estrada.

**CUARTA:**

O Concello da Estrada realizará unha achega económica de 60.000,00 € a través da subvención nominativa á Asociación San Paio en xuño na Estrada incluída no Orzamento Municipal do exercicio de 2025, para o cumprimento dos fins deste convenio.

**QUINTA:**

Os asinantes deste convenio comprométense a cumprir con todo o estipulado no mesmo e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha comisión de seguimento (de composición paritaria) que se constituiría a demanda de calquera das partes.

**SEXTA:**

O presente convenio terá vixencia durante o ano 2025.

Así conveñen e outorgan e tras a correspondente lectura, en proba de conformidade, asinan os representantes das partes, en duplicado exemplar e a un único efecto, o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O ALCALDE,

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
SAN PAIO EN XUÑO NA  
ESTRADA,

Gonzalo Louzao Dono

Manuel Torrado Gañete

